



MEMORIA DE ACTIVIDADES Y ECONÓMICA 2018

ASOCIACIÓN ELAS

ÍNDICE

Presentación	3
1-A Entidade	4
• Datos Xerais • Obxectivos • Ámbito territorial	
2-Organización	7
• A Xunta Directiva • Voluntariado	
3-Actividades Ano 2018	8
• Mes a mes.	
4-Agradecementos	18
5-Datos Económicos	19
• Balance de Situación 2018. • Conta de Resultados 2018.	



PRESENTACIÓN

A Asociación Elas naceu no ano 2005 co obxectivo de fomentar a integración da muller na vida social, cultural, económica e política a través da promoción dun valor fundamental como é o de Igualdade.

Ao longo da nosa traxectoria (este pasado Xuño cumplimos trece anos de existencia), traballamos, pola muller e pola igualdade, tanto no noso Concello de Bergondo, como na nosa comarca, formando parte das entidades supramunicipales máis importantes: Reserva da Biosfera, GDR-23, GALP Golfo Ártabro Sur, etc.

A XUNTA DIRECTIVA

Decembro 2018

1- A ENTIDADE

DATOS XERAIS

Denominación: Asociación Elas, pro-igualdade de dereitos da muller.

Nº de socios/as a 31 de Decembro 2018: 37

CIF: G70027750

Data de constitución: 6 de Xuño de 2005

Inscripción no Rexistro Central de Santiago
Núm: 2005/008.980/1

Inscripción no REMAV do Concello de Bergondo
Núm: 20

Domicilio social
Lugar Carrio 54A-Bergondo- A Coruña

Código postal: 15165

Teléfono: 616 398 143

E-mail: elasociacion@hotmail.com

Web: www.mencargf.wix.com/elasociacion

Redes sociais: www.facebook.com/Elasociacion

OBXECTIVOS

Son obxectivos principais da Asociación Elas: Realizar as accións e actividades necesarias para traballar a favor dos dereitos e intereses da muller.

Actividades para conseguir os obxectivos:

- a. Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres con actuacións en tódolos ámbitos posibles, fomentando a economía social, o voluntariado social e a acción social.
- b. Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por sexo e defender os dereitos e intereses das mulleres.
- c. Informar e instruír as mulleres en cuestións que afecten ó seu interese xeral.
- d. Realizar campañas de sensibilización da poboación sobre os problemas da muller.
- e. Combater as condutas discriminatorias contra a muller.
- f. Favorecer a integración social e laboral das mulleres en risco de exclusión social.
- g. Promover a presenza das mulleres nos ámbitos de participación políticos e sociais.
- h. Fomentar a comunicación, relación e intercambio con outras organizacións de mulleres e fomentar redes de apoio mútuo e autoestima.

ÁMBITO TERRITORIAL

A pesares de que, pola súa fundación, a Asociación Elas está moi ligada ao territorio da comarca das Mariñas (A Coruña), onde procuramos ser activas, o seu ámbito territorial abarca enteiramente a Comunidade Autónoma de Galicia.



2- ORGANIZACIÓN

ÓRGANO DE GOBERNO

A Xunta Directiva

Presidenta

Carmen García Fernández

Secretaria

Carmen Cantón Rodríguez

Tesoreira

M^a Dolores Candal Fernández

Vocal

M^a Josefa González Carrín

VOLUNTARIADO

Tódalas compoñentes da Xunta Directiva traballan de forma voluntaria, sen recibir ningunha remuneración.

Por isto, o voluntariado é unha figura esencial na nosa entidade. Desexamos seguir contando coa súa colaboración.

3-ACTIVIDADES

Durante todo o ano

Biblioteca

Elas foi creando unha Biblioteca con servizo de préstamo, con materiais procedentes de doazóns de varias Bibliotecas e Entidades, e tamén dos veciños e veciñas.

Damos prioridade a temas relacionados coa muller. Este material está a disposición do público. Tan só hai que cubrir una ficha de préstamo.



Biblioteca do local de Fiobre

GDR-23: As Mariñas-Betanzos

Elas adheriuse ao Grupo de Desenvolvemento Rural-23, "As Mariñas-Betanzos" no ano 2008. Participou de forma activa na súa creación. A nosa asociación continua formando parte deste GDR.



Candidatura LEADER (2014-2020)-GDR-23



Xunta Directiva do GDR-23-2016.

GALP "Golfo Ártabro Sur"

Elas participa no GALP "Golfo Ártabro Sur", para seguir traballando polo desenvolvemento da nosa Comarca na área de Muller. Formamos parte da Mesa do Sector Social, sección Mulleres.

Tamén aportamos ideas para o desenvolvemento de proxectos:

Este ano, Elas aportou ideas para a creación da Asociación "Muller Mar" (AMUMAR), que está formada polas mulleres do sector do mar da comarca do Galp Golfo Ártabro Sur. Estas aportacións foron de moita utilidade á hora de diseñar a asociación e redactar os Estatutos. A nosa Asociación está moi satisfeita coa creación desta asociación.



GALP "GOLFO ÁRTABRO SUR" FORMACIÓN DUNHA ASOCIACIÓN DE MULLERES DA PESCA PROXECTO "MULLERES DO MAR" ASOCIACIÓN "ELAS"-PROIGUALDADE DE DEREITOS DA MULLER BERGANDO

INTRODUCCIÓN:

No próximo encontro temos que tratar sobre a definición e deseño da entidade. Temos que traballar sobre os seguintes temas:

- 1-Fins da Asociación.
- 2-Actividades promovidas pola Asociación.
- 3-Composición da Asociación.
- 4-Gobernanza da Asociación.
- 5-Nome e imaxe da Entidade.

Estivemos pensando sobre o tema dos **fins ou obxectivos**, a maiores dos que xa se marcan na presentación.

FINS DA ASOCIACIÓN:

Na presentación do proxecto xa apareceron 4:

- 1-Incentivar, visibilizar e empoderar ás mulleres vinculadas profesionalmente ao sector do mar.
- 2-Apoiar ás mulleres do sector do mar desta comarca para que poidan organizarse.
- 3-Detectar e visibilizar mulleres do mar, fomentando o traballo en rede e as sinerxías.
- 4-Facilitar a creación de vínculos de cooperación e colaboración entre as mulleres e organizacións que traballan no sector do mar e outras asociacións en prol da igualdade.

Outros fins que poderían incorporarse, na nosa opinión, serían os seguintes:

- 5-Garantir o relevo xeracional no sector feminino do mar: aprendizaxe e transmisión da experiencia, do coñecemento técnico e do seu modo de vida.
- 6-Traballar para unha maior profesionalización do sector para acadar máis cualificación e cualificación, con especial atención á formación, á financiación, etc.
- 7-Fomentar a presenza das representantes do sector feminino do mar da nosa comarca nos órganos decisivos (niveis locais, nacionais, etc)
- 8-Informar e traballar nas cuestións que afecten aos intereses das mulleres do sector do mar da nosa comarca.
- 9-Fundir a igualdade, combatendo a discriminación que afecta ás mulleres do mar, para acadar postos de traballo de calidade, en igualdade de condicións, na nosa comarca.
- 10-Desenvolver actividades de sensibilización para a poboación xeral da comarca, sobre as problemáticas que afectan ás mulleres do sector do mar e sobre o seu traballo.



ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN:

- 1- Reunións e encontros, para contactar con outras asociacións, para poder traballar en rede, co fin de ter maior influencia nos lugares onde se toman as decisións.
- 2- Actividades, reunións, etc, para entablar unha boa relación coas distintas Administracións, para poder influir nas políticas que afectan ao sector feminino do mar.
- 3- Asumir a representación das mulleres do mar da comarca ante as Administracións, no que respecta aos seus intereses.
- 4- Crear espazos (formadas, seminarios, foros...) para tratar os problemas das mulleres do sector do mar da comarca, visibilizar o seu papel e traballo, para poder sensibilizar á poboación.
- 5- Realizar todo tipo de actividades de formación, para acadar unha maior cualificación e profesionalización do sector feminino do mar da nosa comarca; pero, tamén para poder garantir o relevo xeracional nos seus oficios.
- 6- Realizar estudos, investigacións e, sobre todo, recollida e manexo de datos estatísticos, para poder traballar eficazmente o tema da igualdade e do empoderamento das mulleres do mar da nosa comarca.

COMPOSICIÓN DA ASOCIACIÓN:

Deberían ser socias **as persoas físicas; pero, tamén xurídicas** (asociacións, por exemplo). É discutible se teñen que pertencer dalgúna maneira a nosa comarca ou non; aínda que, posiblemente, se son da comarca do Galp Ártabro Sur, o seu compromiso sexa máis firme e profundo.

En canto ás **clases de socias**, normalmente, é o típico, son: **Fundadoras** (fundan a asociación), **numerarias** (entran despois de fundarse a asociación) e **de Honor** (pola súa traectoria, influencia, etc).

GOBERNANZA DA ASOCIACIÓN:

A **Asemblea Xeral** debería ser o órgano supremo de **dirección e goberno da Asociación**, (debe reunirse mínimo unha vez ao ano). A **Xunta Directiva** debería ter **labores representativos e de xestión**, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral, que marcará a ruta de ruta anual. Dar un maior peso á Asemblea garante maior **democracia e participación**.

Para o **proceso de eleccións** hai que decidir se as eleccións serán presidenciais (évese a Presidencia, e logo esta elixe o seu equipo libremente) ou non (a Asemblea escolla a Xunta Directiva enteira).

Para o **manexo dos fondos**, hai que pensar se optamos por unha maior **"flexibilidade"** ou preferimos unha maior **"seguridade"**. No primeiro caso, a sinatura sería **"flexibilista"** (por exemplo, Presidente e Tesoreira, calquera das dúas podería mover os fondos, os trámites serían máis áxiles) no segundo caso, a sinatura é **"conservadora"** (serían as dúas a un tempo, maior seguridade, non manexaría unha persoa soa os cartos). Ao principio, non hai moitos fondos, en xeral. Pero ao, co tempo, os fondos son importantes, é lóxico que prime a seguridade. (No caso da nosa Asociación Elas, temos sinatura comunitaria, Presidente e Tesoreira)



Carmen García Fernández-Presidenta
Asociación Elas, Pro-Igualdade-Bergando

Actividades do ano 2018

- **Actividade de ioga:** Foi impartida por Virginia Fernández, ao longo de todo o ano, no local social de Fiobre, os martes e os xoves.



- **Colaboración coa Asociación Mestura:** Seguimos coa nosa colaboración, cos compañeiros e compañeiras da ONG Mestura, de Culleredo. Traballan para a integración de inmigrantes e emigrantes. Foron ponentes nas nosas Xornadas sobre Violencia de Xénero, no ano 2008.



- **Colaboración co Concello de Sada coa participación nos Consellos Sectoriais deste Concello:** Os Consellos Sectoriais son órganos consultivos de participación cidadá e a Asociación Elas foi convidada polo Concello para participar e formar parte do proceso no mes de Marzo.

Falouse da aplicación do Principio de Transversalidade, para ter en conta a perspectiva de xénero, en tódolos "Consellos Sectoriais". Creouse o "Consello Sectorial de Benestar Social, Muller e Saúde", porque non houbo suficientes entidades coma para crear un "Consello Sectorial da Muller" separado. A Asociación Elas forma parte deste Consello Sectorial.

Que nos convidasen foi unha sorpresa para Elas, dado que Bergondo é a nosa casa e, obviamente, a nosa prioridade. E así llo fixemos saber ao equipo técnico.

Polo que poidemos intuír, que haxa poucas entidades con temática de xénero, que poucas entidades estean formadas en temas de participación cidadá e o feito de que, durante estes anos, Elas colaboró con diferentes Concellos da nosa comarca, poido influir para que pensaran en nós.

Así que, sorprendidas, pero tamén agradecidas, pola confianza e por poder aportar o noso pequeno "grao de area" a nosa causa na nosa comarca. Ahí estivo Elas e tamén Meigas de Sada.



- **Participación da Asociación Elas no Programa de Igualdade da Diputación da Coruña, "Compartimos Plan":** Este programa é unha estratexia para elaborar, de maneira participativa, un estudo de diagnose e plan de acción das políticas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero na provincia da Coruña. O Plan ten 4 fases: 1ª, Fase Informativa; 2ª, Fase de Diagnose; 3ª, Fase de elaboración do Plan de Acción (liñas de actuación específicas para a aprobación do Plan Provincial para a Igualdade de Mulleres e Homes); e 4ª: Fase de Difusión do Plan Provincial (para dar a coñecer os resultados dos traballos realizados). Elas, como asociación pro-igualdade, participa nas xuntanzas e foros participativos.



- **Obradoiro de verán de "Pintura Creativa", impartido pola artista plástica Luzián:**
Impartiuse os luns de Xullo e Agosto, no horario de 18:00-20:00 h, no local social de Fiobre. Asistiron un total de 9 participantes.



- **Obradoiro de "Pintura Creativa", impartido pola artista plástica Luzián, para todo o curso escolar:** O Obradoiro de Pintura do verán tivo continuidade para o curso escolar. Impártese os mércores, de Setembro a Xuño, no horario de 18:00-20:00 h, no local social de Fiobre. Asisten un total de 8 participantes.





- **Celebrouse o segundo encontro "Rompe el Silencio":** Céntrouse na violencia sexual na infancia e adolescencia, en tódalas súas tipoloxías. Esta charla tivo lugar o venres 26 de Outubro, na Senra, promovida pola Asociación Elas e co apoio do Concello de Bergondo.



- **Celebrouse a charla "Uso correcto de internet e redes sociais":** Esta charla tivo lugar o martes 6 de Novembro, na Biblioteca de A Senra, promovida pola Asociación Elas e o Concello de Bergondo. Foi impartida polo Dr. Juan Carlos Prados Moreno, Psicólogo da Unidade de Prevención de Conductas Adictivas, Concello de Betanzos.

USO CORRECTO DE INTERNET E REDES SOCIAIS



Dr. Juan Carlos Prados Moreno
Psicólogo da Unidade de Prevención de Condutas Adictivas
Concello de Betanzos

- Entrada libre ata completar a capacidade -

MARTES 6 DE NOVEMBRO DE 2018 ÁS 19:30 H
BIBLIOTECA DO EDIFICIO A SENRA
CONCELLO DE BERGONDO



- **Celebrouse a charla "Drogas legais: tabaco e alcohol":** Esta charla tivo lugar o martes 20 de Novembro, na Biblioteca de A Senra, promovida pola Asociación Elas e o Concello de Bergondo. Foi impartida polo Dr. Juan Carlos Prados Moreno, Psicólogo da Unidade de Prevención de Conductas Adictivas, Concello de Betanzos.

DROGAS LEGAIS: ALCOHOL E TABACO



Dr. Juan Carlos Prados Moreno
Psicólogo da Unidade de Prevención de Condutas Adictivas
Concello de Betanzos

- Entrada libre ata completar a capacidade -

MARTES 20 DE NOVEMBRO DE 2018 ÁS 19:30 H
BIBLIOTECA DO EDIFICIO A SENRA
CONCELLO DE BERGONDO





- **Participación da Asociación Elas na VII Andaina pola Igualdade e Contra a Violencia de Xénero do Consorcio das Mariñas:** O 24 de Novembro, percorremos uns 8 Km, pola ría do Burgo, polos Concellos de Culleredo, Oleiros e Cambre, cos veciños e as veciñas de Bergondo.

SÁBADO, 24 DE NOVEMBRO
VII ANDAINA
CONTRA A
VIOLENCIA DE
XÉNERO

Arredor da Ría do Burgo, polos concellos de Cambre, Oleiros e Culleredo
 Saída da Casa das Palmeras en Cambre ás 10:30 h
 Remate no CEIP Portofaro en Cambre

ORGANIZA



COLABORAN



ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO AS MARIÑAS DI NON

ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO
 Consorcio As Mariñas
#ASMARIÑASDINON



- **Participación da Asociación Elas nos Orzamentos Participativos do Concello de Bergondo:**
Elas propuxo a ampliación do programa para as coidadoras non profesionais. O Programa Cuidadanas dura aproximadamente dous meses; pero, Elas pensa que as coidadoras necesitarían un apoio máis constante no tempo: de Outubro a Xuño, por exemplo.



**ORZAMENTOS
PARTICIPATIVOS
2019**

4- AGRADECEMENTOS

A Asociación Elas quere agradecer o apoio, durante estes anos, das diferentes organizacións públicas e privadas que permitíronnos conseguir os nosos obxectivos.



Concello de Bergondo

Club de taekwondo Han's Horang-I



ONG MESTURA



5- DATOS ECONÓMICOS

CONTA DE RESULTADOS 2018		
GASTOS		
Nº CONTA	CONCEPTO	IMPORTE
625.0	PRIMAS DE SEGURO	103,50 €
626.0	SERVIZOS BANCARIOS	82,79 €
629.10	PROXECTOS	11,20 €
629.2	OUTROS SERVIZOS	8'30 €
631.0	OUTROS TRIBUTOS	25,69 €
TOTAL GASTOS 2018		231,48 €
INGRESOS		
Nº CONTA	CONCEPTO	IMPORTE
720.0	COTAS DE SOCIOS	250,00 €
722.0	DONACIONES	50,00 €
TOTAL INGRESOS 2018		300,00 €
RESULTADO DO EXERCICIO 2018		
GASTOS		231,48 €
INGRESOS		300,00 €
GANANCIA		68,52 €

BALANCE DE SITUACIÓN 2018		
ACTIVO		
D) ACTIVO CIRCULANTE		
D VI) Tesoreria		
570	Caixa	477,36€
572	Bancos	3.285,51€
TOTAL ACTIVO		3.762,87€
PASIVO		
A) FONDOS PROPIOS		
A I) Fondo Social		
101	Fondo social	140,00 €
120	Excedentes. positivos exerc. ant.	8.345,74 €
121	Excedentes. negativos exerc. ant.	- 9.786,38 €
129	P y G (ganancias)	68,52 €
B) PASIVO NO CORRIENTE		
171	Deudas l/p	224,98€
410	Acreedores	4.770,01€
TOTAL PASIVO		3.762,87€